



## OS OBXECTIVOS EDUCATIVOS XERAIS MOVIMIENTO SCOUT CATÓLICO

	<b>Relación cun mesmo</b>	<b>Relación cos demais</b>	<b>Relación con Deus</b>
<b>D. Físico</b>	<b>Corpo</b> Desenvolver un estilo de vida saudábel; coñecer o funcionamento e desenvolvemento do propio corpo, potenciar as súas calidades e aceptar e superar as súas limitacións.	<b>Respecto</b> Aceptar e respectar o corpo das demais persoas e protexer a vida e a integridade física de todos os seres humanos.	<b>Natureza</b> Recoñecer ao ser humano como parte da Natureza, obra de Deus, e comprender o papel que xoga nela.
<b>D. Intelectual</b>	<b>Creatividade</b> Desenvolver as capacidades de imaxinación, innovación, análise crítica, dedución e resolución.	<b>Utilidade</b> Poñer os coñecementos propios ao servizo da transformación positiva da sociedade.	<b>Sabedoría</b> Explorar o relixioso con profundidade e sentido crítico, desde a harmonía entre a fe e mais a razón.
<b>D. Emocional</b>	<b>Autoestima</b> Descubrir, aceptar e canalizar con naturalidade e equilibrio as propias emocións e sentimentos.	<b>Comunidade</b> Ser quen de establecer relacións emocionais comprometidas, respectuosas e sás.	<b>Amor</b> Descubrir en Xesús o sentido máis profundo do amor e trasladalo á propia vida.
<b>D. Social</b>	<b>Apertura</b> Desenvolver a sensibilidade co contorno, comunicarse eficazmente con el, abrirse a novas ideas e integralas axeitadamente.	<b>Cidadanía</b> Participar activamente na transformación positiva da sociedade desde o respecto pola pluralidade e o compromiso cos dereitos humanos e mais a democracia.	<b>Fraternidade</b> Desenvolver o sentido de irmandade con todos os seres humanos desde a opción preferente polos máis necesitados.
<b>D. Espiritual</b>	<b>Interiorización</b> Recoñecer e asumir o significado espiritual das experiencias propias.	<b>Comuñón</b> Coñecer e apreciar a tradición espiritual propia, estimar a das demais persoas e participar activamente na vida da Igrexa.	<b>Oración</b> Abrirse sincera e profundamente ao encontro persoal e comunitario con Deus.
<b>D. da Personalidade</b>	<b>Autonomía</b> Desenvolver un proxecto persoal de vida responsábel e coherente cos valores da Lei Scout e o Evanxeo.	<b>Compromiso</b> Afondar no coñecemento das demais persoas e ser quen de xerar proxectos comunitarios comprometidos, especialmente nos ámbitos sociais máis próximos.	<b>Vocación</b> Descubrir que quere Deus dunha ou un mesmo e trasladalo á propia vida.